

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18947** *REAL DECRETO 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.* («BOE» 283, do 24-11-2008.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 38 que o acceso aos estudos universitarios exixirá, ademais da posesión do título de bacharel, a superación dunha proba que permita valorar, xunto coas cualificacións obtidas no bacharelato, a madureza académica, os coñecementos e a capacidade dos estudantes para seguir con éxito as ensinanzas universitarias. Esta proba de acceso terá en conta as modalidades do bacharelato e as vías que poden seguir os estudantes, versará sobre as materias de segundo de bacharelato e terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

No número 3 do artigo citado a lei atribúelle ao Goberno o establecemento das características básicas da proba de acceso á universidade, logo de consulta ás comunidades autónomas e co informe previo do Consello de Coordinación Universitaria, hoxe Conferencia Xeral de Política Universitaria e Consello de Universidades, en virtude do disposto pola Lei 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. As administracións educativas e as universidades organizarán a proba e deberán garantir a súa adecuación ao currículo do bacharelato así como a coordinación entre as universidades e os centros que imparten bacharelato para a organización desta.

Esta proba de acceso débese sustentar nunhas novas bases acordes coa realidade dos nosos tempos. A maior parte dos principios que inspiraron hai máis de tres décadas a orixinaria regulación das probas de acceso á universidade perderon vixencia nun contexto socioeconómico como o de hoxe, por completo diverso do imperante entón e cunha ordenación educativa tamén substancialmente distinta. Así, as modificacións das ensinanzas de bacharelato contidas no Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e a nova concepción do ensino universitario contida no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, fan patente a necesidade de modificar as citadas probas de acceso.

Así mesmo e de acordo co mandato contido no artigo 42.3 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, este real decreto establece tamén a normativa básica para a admisión dos/das estudantes nos centros universitarios públicos con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Este real decreto regula tamén o relativo ás restantes modalidades de acceso á universidade, tanto dos/das estudantes procedentes doutras ensinanzas do sistema educativo español como doutros sistemas educativos, e o acceso das persoas maiores de vinte e cinco anos, unificando nun só corpo normativo a dispersa normativa ata agora vixente ao respecto.

Neste mesmo sentido e no ánimo proclamado pola Lei orgánica de universidades a que antes se fixo referencia, para facilitar a actualización da formación e a readaptación profesional así como a plena e efectiva participación na vida cultural, económica e social, este real decreto regula tamén un novo sistema de acceso á universidade para os que acrediten unha determinada experiencia

laboral ou profesional e non dispoñan da titulación académica legalmente establecida para o efecto. A este sistema de acceso, que permitirá o ingreso en calquera universidade, centro e ensino, poderanse acoller as persoas que superasen os corenta anos de idade. Do mesmo modo, esta norma prevé tamén, por primeira vez, o acceso á universidade por parte daquelas persoas que carezan de titulación e experiencia laboral ou profesional e teñan máis de corenta e cinco anos. Con iso, este real decreto configura un novo panorama de acceso á universidade en cuxa concepción primou a atención ás persoas máis desfavorecidas que se viron privadas de acceder aos estudos universitarios polas vías tradicionalmente establecidas ata agora.

Así, no capítulo I establécense as disposicións xerais relativas a todos os sistemas de acceso á universidade española para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao. No capítulo II defínese a nova proba de acceso a estas ensinanzas, coa cal se pretende mellorar o modelo ata agora vixente. Trátase de adecuala mellor ás preferencias de elección do estudante e ás exixencias específicas de formación das distintas titulacións de grao. Para iso establécense unha fase xeral que ten por obxecto valorar a madureza e as destrezas básicas do estudante, cuxa superación terá validez indefinida, e unha fase específica, de carácter voluntario, que permite mellorar a cualificación obtida na fase xeral e que ten por obxecto a avaliación dos coñecementos nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos vinculados á rama de coñecemento que se quere cursar. A validez dos ditos coñecementos non pode ser indefinida, polo que se considera que, como máximo, esta se poida manter para os dous cursos académicos seguintes á superación da proba.

No capítulo III regúlanse as particularidades referidas ao acceso á universidade española de estudantes procedentes doutros sistemas educativos; os comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 38.5 da Lei orgánica de educación e que proceden de sistemas educativos de países membros da Unión Europea ou doutros países con que España subscribiu un acordo ao respecto, que cumpran os requisitos exixidos nos seus respectivos países para o acceso á universidade, así como o acceso para estudantes procedentes doutros sistemas educativos aos cales non é de aplicación o artigo 38.5 da Lei orgánica de educación.

O capítulo IV regula o acceso á universidade dos que estean en posesión dos títulos de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior a que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, de educación.

O capítulo V regula o xa citado acceso relativo ás persoas que cumprisen 25 anos de idade, así como dos que, tendo cumpridos os 40 anos de idade, acrediten unha determinada experiencia profesional ou laboral, e das persoas que cumprisen 45 anos de idade.

Finalmente, o capítulo VI ocúpase dos procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, que establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, remite ao ano académico 2009-2010 a organización da proba de acceso que este real decreto regula.

O carácter básico desta norma regulamentaria xustifícase, conforme a doutrina do Tribunal Constitucional, na propia natureza da materia regulada, que constitúe un complemento indispensable para asegurar a consecución da finalidade perseguida polo artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que supedita o acceso aos estudos universitarios á superación dunha proba única baseada na valoración obxectiva da madureza académica e dos coñecementos adquiridos no bacharelato, e da capacidade para seguir con éxito os estudos universitarios.

Deste xeito, a regulación da proba de acceso a estudos universitarios recollida neste real decreto contén as que o Tribunal Constitucional denomina na Sentenza 26/1987 «condicións ou normas básicas de selección», que deben ser establecidas con tal carácter en todo o Estado e respectadas polas administracións educativas competentes, sen que o seu cumprimento resulte un obstáculo ao exercicio das competencias de desenvolvemento normativo que corresponden ás comunidades autónomas ao abeiro das súas respectivas competencias en materia educativa.

En calquera caso, débese remarcar que esta disposición foi elaborada en estreita colaboración coas comunidades autónomas, que analizaron o seu contido na Comisión Xeral de Educación da Conferencia Sectorial de Educación, que tivo lugar o 22 de xullo de 2008, en que manifestaron maioritariamente o seu apoio á regulación estatal e formularon diversas observacións que foron obxecto de análise e consideración.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación e da Conferencia Xeral de Política Universitaria e emitiron informe o Consello Escolar do Estado, o Consello de Universidades e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Política Social e Deporte e da ministra de Ciencia e Innovación, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de novembro de 2008,

## DISPÕO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

1. Regular as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao desde os diversos supostos previstos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril.

2. Regular os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao nas universidades públicas españolas.

##### Artigo 2. *Acceso aos estudos universitarios oficiais de grao.*

Poderán acceder aos estudos universitarios oficiais de grao nas universidades españolas, nas condicións que para cada caso se determinen neste real decreto, os que reúnan algún dos seguintes requisitos:

a) Estean nalgunhas das situacións a que se refiren os números 1 ao 7 do artigo seguinte.

b) Estean en posesión dun título universitario oficial de grao ou título equivalente.

c) Estean en posesión dun título universitario oficial de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias ou título equivalente.

d) Cursasen estudos universitarios parciais estranxeiros ou, téndoos finalizados, non obtivesen a súa homologación en España e desexen continuar estudos nunha universidade española. Neste suposto, será requisito indispensable que a universidade correspondente lles recoñecese polo menos 30 créditos.

##### Artigo 3. *Procedementos de acceso á universidade.*

Este real decreto regula os seguintes procedementos:

1. O procedemento de acceso á universidade mediante a superación dunha proba por parte dos que se atopen en posesión do título de bacharel a que se refiren os artigos 37 e 50.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O procedemento de acceso á universidade para estudantes procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados con que España subscribise acordos internacionais a este respecto, previsto polo artigo 38.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que cumpran os requisitos exixidos no seu respectivo país para o acceso á universidade.

3. O procedemento de acceso á universidade para estudantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros, logo de solicitude de homologación do título de orixe ao título español de bacharel.

4. O procedemento de acceso á universidade para os que se atopen en posesión dos títulos de técnico superior correspondentes ás ensinanzas de formación profesional e ensinanzas artísticas ou de técnico deportivo superior correspondentes ás ensinanzas deportivas a que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, de educación.

5. O procedemento de acceso á universidade das persoas maiores de vinte e cinco anos previsto na disposición adicional vixésimo quinta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

6. O procedemento de acceso á universidade mediante a acreditación de experiencia laboral ou profesional, previsto no artigo 42.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

7. O procedemento de acceso á universidade das persoas maiores de corenta e cinco anos, de acordo co previsto no artigo 42.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

##### Artigo 4. *Principios reitores do acceso á universidade española.*

1. O acceso á universidade española desde calquera dos supostos a que se refire este real decreto realizárase desde o pleno respecto aos dereitos fundamentais e aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. Así mesmo, teranse en conta os principios de accesibilidade universal e deseño para todos segundo o establecido na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

3. A Conferencia Xeral de Política Universitaria velará por que a admisión dos estudantes ás ensinanzas universitarias oficiais de grao sexa xeral, obxectiva e universal, teña validez en todas as universidades españolas e responda a criterios acordados co Espazo Europeo de Educación Superior, sen prexuízo das competencias que corresponden á Secretaría de Estado de Universidades.

### CAPÍTULO II

#### **Proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para os que se atopen en posesión do título de bacharel ou equivalente**

##### Artigo 5. *Finalidade da proba.*

1. A proba de acceso ten por finalidade valorar, con carácter obxectivo, a madureza académica do estudante,

así como os coñecementos e capacidades adquiridos no bacharelato e a súa capacidade para seguir con éxito as ensinanzas universitarias oficiais de grao.

2. A valoración a que se refire o número anterior exprésase cunha cualificación numérica que permita a ordenación das solicitudes de admisión para a adxudicación das prazas ofertadas nos centros universitarios públicos.

#### Artigo 6. *Participación na proba.*

1. Poderanse presentar á proba de acceso á universidade os que estean en posesión do título de bacharel a que se refiren os artigos 37 e 50.2 da Lei orgánica 2/2006, de educación, ou título equivalente para estes efectos.

2. A proba de acceso deberase efectuar na universidade pública que corresponda de acordo co establecido nos seguintes números deste artigo. No suposto de realizar a citada proba en máis dunha universidade no mesmo curso académico, quedarán anuladas todas elas.

3. Os estudantes que cursasen os estudos de bacharelato previstos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizarán a proba de acceso na universidade a que estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria en que obtivesen o título de bacharel.

4. Os estudantes procedentes dos centros públicos españois situados no estranxeiro realizarán as probas de acceso na Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), salvo que o centro de que se trate estea adscrito a unha universidade distinta da mencionada, caso en que será nesta onde deberán realizar as probas de acceso.

#### Artigo 7. *Condicións xerais da proba.*

1. A proba adecuarase ao currículo do bacharelato e versará sobre as materias a que se refiren os artigos 6 e 7 do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, establecidas para o segundo curso.

2. As administracións educativas e as universidades públicas organizarán a proba de acceso á universidade e garantirán a adecuación desta ao currículo de bacharelato así como a coordinación entre a universidade e os centros que imparten bacharelato para a súa organización e realización.

3. A Conferencia Sectorial de Educación e a Conferencia Xeral de Política Universitaria establecerán procedementos de coordinación entre as distintas administracións educativas destinados a mellorar a claridade e obxectividade dos exercicios e os criterios de avaliación, sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Secretaría de Estado de Universidades.

#### Artigo 8. *Estrutura da proba.*

1. A proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao estrutúrase en dúas fases denominadas, respectivamente, fase xeral e fase específica.

2. A fase xeral da proba ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe alcanzar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguir as ensinanzas universitarias oficiais de grao, especialmente no que se refire á comprensión de mensaxes, o uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e exprésar ideas, a comprensión básica dunha lingua estranxeira e os coñecementos ou técnicas fundamentais dunha materia de modalidade.

3. A fase específica da proba, de carácter voluntario, ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concre-

tos relacionados cos estudos que se pretenden cursar e permite mellorar a cualificación obtida na fase xeral.

#### Artigo 9. *Descrición da fase xeral.*

A fase xeral constará dos exercicios seguintes:

1. O primeiro exercicio consistirá no comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo, relacionado coas capacidades e contidos da materia de lingua castelá e literatura. O exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

2. O segundo exercicio versará sobre as capacidades e contidos dunha das seguintes materias comúns de 2.º de bacharelato: historia da filosofía, historia de España e, de ser o caso, ciencias para o mundo contemporáneo e filosofía e cidadanía. Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e cuxo formato de resposta deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados. O exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

Para os efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de inscrición na proba de acceso a materia común de que se examinará.

3. O terceiro exercicio será de lingua estranxeira e terá como obxectivo valorar a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita. O exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

Para os efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de inscrición na proba de acceso a lingua estranxeira de que se examinará, e poderá elixir entre alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

4. O cuarto exercicio versará sobre os contidos dunha materia de modalidade de segundo de bacharelato. Consistirá na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e cuxo formato de resposta deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados. O exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

Para os efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de inscrición na proba de acceso a materia de modalidade de que se examinará. Esta materia será unha das materias de modalidade ás cales fai referencia o artigo 7 do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e que a Administración educativa de que depende a universidade en que se realiza a proba establececese para o segundo curso de bacharelato.

5. Nas comunidades autónomas con outra lingua cooficial, a Administración educativa poderá establecer a obrigatoriedade dun quinto exercicio referido á lingua cooficial. O exercicio presentará dúas opcións diferentes entre as cales o estudante deberá elixir unha.

6. Cada un dos exercicios desta fase terá unha duración máxima de hora e media. Deberase establecer un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o inicio do seguinte.

7. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma en que estea o centro en que se examinan. Non obstante, os exercicios correspondentes a lingua castelá, lingua cooficial propia da comunidade autónoma e lingua estranxeira deberanse desenvolver nas respectivas linguas.

#### Artigo 10. *Cualificación da fase xeral.*

1. Cada un dos exercicios mencionados no artigo 9 cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais.
2. A cualificación da fase xeral será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

#### Artigo 11. *Descrición da fase específica.*

1. Cada estudante poderase examinar de calquera das materias de modalidade de segundo de bacharelato a que fai referencia o artigo 7.6 do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, distinta á materia elixida para realizar o exercicio a que se refire o artigo 9.4 deste real decreto.
2. Os exercicios de cada unha das materias elixidas polo estudante consistirán na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban ser avaliados e cuxo formato de resposta deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.
3. A duración de cada un dos exercicios será dunha hora e media. Deberase establecer un intervalo mínimo de 45 minutos entre o final dun exercicio e o inicio do seguinte.
4. Para os efectos de organización da proba, o estudante indicará na solicitude de inscrición na proba de acceso as materias de que se examinará.

#### Artigo 12. *Cualificación das materias da fase específica.*

Cada unha das materias de que se examine o estudante nesta fase cualificarase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

#### Artigo 13. *Superación da proba de acceso á universidade.*

1. O acceso á universidade española, tanto pública como privada, para cursar as ensinanzas conducentes á obtención dos distintos títulos das ensinanzas universitarias oficiais de grao con validez en todo o territorio nacional, requirirá, con carácter xeral, a superación da proba a que se refire o artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se regula neste real decreto, sen prexuízo dos outros supostos previstos no artigo 3 deste real decreto.

2. Considerarase que un estudante superou a proba a que se refire o artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando obtiver unha nota igual ou maior a 5 puntos como resultado da media ponderada do 60 por cento da nota media de bacharelato e o 40 por cento da cualificación da fase xeral, a que se refire o número 2 do artigo 10 deste real decreto, sempre que obtiver un mínimo de 4 puntos na cualificación da fase xeral. A nota media do bacharelato exprésase con dous decimais, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

#### Artigo 14. *Nota de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.*

1. Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, en que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, as universidades públicas utilizarán para a adxudicación das prazas a nota de admisión que corresponda, que se calcu-

lará coa seguinte fórmula e se expresará con dúas cifras decimais, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

$$\text{Nota de admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CFG} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB = nota media do bacharelato.

CFG = cualificación da fase xeral.

M1, M2 = as dúas mellores cualificacións das materias superadas da fase específica.

a, b = parámetros de ponderación das materias da fase específica.

2. A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias da fase específica no caso de que estas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título a que se queira ser admitido, de acordo co anexo I.

3. O parámetro de ponderación (a ou b) das materias da fase específica será igual a 0,1. As universidades poderán elevar este parámetro ata 0,2 naquelas materias que consideren máis idóneas para, de acordo coa finalidade da proba a que se refire o artigo 5, seguir con éxito as ditas ensinanzas universitarias oficiais de grao. As universidades deberán facer públicos os valores destes parámetros para as materias seleccionadas ao inicio do curso correspondente á proba.

#### Artigo 15. *Convocatorias.*

1. Realizaranse anualmente dúas convocatorias da proba de acceso á universidade.

A Conferencia Sectorial de Educación e a Conferencia Xeral de Política Universitaria poderán establecer un procedemento polo cal se realicen máis de dúas convocatorias anuais da totalidade da proba ou dalgunha das súas fases.

2. Os estudantes poderanse presentar en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da fase xeral ou de calquera das materias da fase específica. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Nas sucesivas convocatorias a proba de acceso realizarase na universidade pública a que estea adscrito, para os indicados efectos, o centro de educación secundaria en que superasen o segundo curso de bacharelato ou na universidade a que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

3. A superación da fase xeral terá validez indefinida.
4. A cualificación das materias da fase específica terá validez para o acceso á universidade durante os dous cursos académicos seguintes á súa superación.

#### Artigo 16. *Comisións organizadoras.*

1. As administracións educativas constituirán nos seus respectivos ámbitos de xestión unha comisión organizadora da proba de acceso.

2. A comisión organizadora da proba de acceso estará integrada por representantes das universidades públicas, da Administración educativa, do profesorado de bacharelato de centros públicos e doutros expertos de acordo coas normas que establezan as administracións educativas.

3. A comisión organizadora terá atribuídas, entre outras, as seguintes tarefas:

a) Coordinación entre as universidades e os centros en que se imparta bacharelato, para os únicos efectos de organización e realización da proba.

b) Adopción de medidas para garantir o segredo do procedemento de elaboración e selección dos exercicios, así como o anonimato dos estudantes.

c) Adopción das medidas necesarias para garantir o establecido no artigo 9.7.

- d) Definición dos criterios para a elaboración das propostas de exame.
- e) Designación e constitución dos tribunais.
- f) Convocatoria da proba.
- g) Establecemento dos criterios xerais de avaliación dos exercicios.
- h) Resolución de reclamacións.
- i) Establecer os mecanismos de información adecuados.

4. Ao inicio do curso académico de realización da proba de acceso á universidade, a comisión organizadora fará públicos os criterios de organización, a estrutura básica dos exercicios e os criterios xerais de cualificación.

5. Os protocolos dos exercicios incluírán necesariamente a ponderación de cada unha das cuestións na cualificación do exercicio. Para garantir a máxima obxectividade e equidade das cualificacións, tales protocolos irán acompañados dos criterios específicos de corrección e cualificación, que se farán públicos unha vez realizada a proba.

6. A Conferencia Sectorial de Educación, de acordo coa Conferencia Xeral de Política Universitaria e o Consello de Universidades, establecerá un modelo de informe sobre o desenvolvemento e resultados das probas, que deberá ser elaborado anualmente polas administracións educativas responsables e do cal se trasladará unha copia ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, co fin de que o Consello Escolar do Estado poida facer público un informe anual da proba de acceso á universidade e elaborar recomendacións para a súa mellora. O informe anual deberá ser presentado e aprobado nos ditos órganos.

#### Artigo 17. *Tribunais cualificadores.*

1. Os tribunais cualificadores das probas de acceso á universidade estarán integrados por persoal docente universitario e por catedráticos e profesores de ensino secundario que impartan bacharelato.

2. A comisión organizadora da proba designará e constituirá os tribunais cualificadores, garantindo que todos os exercicios poidan ser cualificados por vogais especialistas das distintas materias incluídas nas probas.

Na designación dos membros dos tribunais deberase procurar unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas. Así mesmo, deberase garantir para cada materia a participación de polo menos o 40 por cento de docentes de universidade e o 40 por cento de catedráticos e profesores de ensino secundario que impartan bacharelato.

3. O presidente do tribunal cualificador porá en coñecemento dos vogais, no momento da súa constitución, os criterios xerais de avaliación adoptados pola comisión organizadora.

4. Cando houber máis dun tribunal, os seus presidentes e secretarios coordinarán as súas actuacións durante o proceso. Todos os tribunais dependentes da mesma comisión organizadora convocarán os estudantes en chamamento único.

5. O tribunal cualificará os distintos exercicios atendendo aos criterios xerais establecidos pola comisión organizadora e aos específicos de corrección e cualificación establecidos nas propostas de exame.

6. O presidente do tribunal garantirá o anonimato dos estudantes e centros durante o proceso de corrección dos exercicios.

7. Finalizadas as actuacións, o presidente de cada tribunal elevará un informe á comisión organizadora. Este informe deberá incluír os resultados dos estudantes e calquera incidencia que se producise ao longo do proceso, relativa aos estudantes, aos centros ou ao propio tribunal.

#### Artigo 18. *Reclamacións.*

1. Cada estudante poderá, sobre a cualificación outorgada tras a primeira corrección, presentar ante a presidencia do tribunal a solicitude dunha segunda corrección dos exercicios en que considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección e cualificación a que fai referencia este real decreto ou a solicitude de reclamación ante a comisión organizadora, caso en que quedará excluída a posibilidade de solicitar a segunda corrección. O prazo de presentación destas solicitudes será de tres días hábiles, contados a partir da data da publicación das cualificacións.

2. Os exercicios sobre os que se presentase a solicitude de reclamación serán revisados co obxecto de verificar que todas as cuestións foron avaliadas e que o foron cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección, así como da comprobación de que non existen erros materiais no proceso do cálculo da cualificación final.

3. Os exercicios sobre os que se presentase a solicitude de segunda corrección serán corrixidos por un profesor especialista distinto ao que realizou a primeira corrección.

A cualificación será a media aritmética das cualificacións obtidas nas dúas correccións. No suposto de existir unha diferenza de dous ou máis puntos entre as dúas cualificacións, un tribunal distinto efectuará, de oficio, unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións. Este procedemento deberase efectuar no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido no punto anterior.

Sobre a cualificación outorgada tras o proceso de dobre corrección establecido no parágrafo anterior poderase presentar reclamación ante a comisión organizadora, no prazo de tres días hábiles, contados a partir da data en que se faga pública a cualificación sobre a que se vaia formular a reclamación.

O estudante terá dereito a ver o exame corrixido tras a segunda corrección, no prazo de cinco días.

4. A comisión organizadora adoptará as resolucións que establezan formalmente as cualificacións definitivas dos exercicios contra cuxa corrección se recorre, de acordo co previsto nos números anteriores, e notificará-llelas aos reclamantes. As resolucións respectivas porán fin, en cada caso, á vía administrativa.

#### Artigo 19. *Estudantes que presentan algún tipo de discapacidade.*

1. As comisións organizadoras, de acordo coa regulación específica da proba de acceso que establezan as administracións educativas en cada comunidade autónoma, determinarán as medidas oportunas que garantan que os estudantes que presenten algún tipo de discapacidade poidan realizar tanto a fase xeral como a específica nas debidas condicións de igualdade. Na convocatoria da proba indicárase expresamente esta posibilidade.

2. Estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, na elaboración de modelos especiais de exame e na posta á disposición do estudante dos medios materiais e humanos, das asistencias e apoios e das axudas técnicas que precise para a realización da proba de acceso, así como na garantía de accesibilidade da información e da comunicación dos procesos e a do recinto ou espazo físico onde esta se desenvolva.

3. En todo caso, a determinación das ditas medidas farase baseándose nas adaptacións curriculares cursadas no bacharelato, das que emitirán o debido informe os correspondentes servizos de orientación.

4. Os tribunais cualificadores poderán requirir informes e colaboración dos órganos técnicos competentes das administracións educativas, así como dos centros onde cursasen bacharelato os estudantes con discapacidade.

## CAPÍTULO III

**Estudantes procedentes doutros sistemas educativos**

Artigo 20. *Estudantes de sistemas educativos a que se refire o artigo 38.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

1. Segundo o disposto no artigo 38.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os estudantes procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou os doutros Estados con que España subscribíse acordos internacionais aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, que cumpran os requisitos académicos exixidos nos seus sistemas educativos para accederen ás súas universidades, poderán acceder á universidade española nas mesmas condicións ca os estudantes que superasen a proba de acceso segundo o establecido no artigo 13.2 deste real decreto.

2. O ministro de Educación, Política Social e Deporte e o ministro de Ciencia e Innovación publicarán a relación de sistemas educativos a que é de aplicación o disposto no número anterior, así como a denominación dos títulos e certificados respectivos e as súas escalas de puntuación, para os efectos previstos neste artigo.

3. Para se poderen presentar á fase específica, os estudantes a que se refire este artigo deberán acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso á universidade nos seus sistemas educativos de orixe. Para tal efecto, por orde conxunta dos titulares dos ministerios de Educación, Política Social e Deporte e de Ciencia e Innovación, establecerase o procedemento para obter a correspondente credencial. Este procedemento deberá recoller a posibilidade de presentación da documentación provisional que se determine, co fin de permitir o acceso a esta fase aos estudantes que, por razón do seu calendario académico, aínda non están en condicións de acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso á universidade nos seus sistemas educativos de orixe.

4. Cando os estudantes a que se refire este artigo se presenten á fase específica da proba, a nota de admisión a que se refire o artigo 14 calcularase na forma alí establecida a partir da cualificación da súa credencial.

Nota de admisión = cualificación de credencial + a\*M1 + b\*M2

No caso de non constar cualificación na credencial, a nota de admisión calcularase con cualificación de credencial de 5 puntos.

5. O estudante procedente dos sistemas educativos a que se refire este artigo non necesitará tramitar a homologación dos seus títulos para acceder ás universidades españolas. Non obstante, a homologación destes títulos ao título de bacharel español será necesaria para outras finalidades diferentes do acceso á universidade, sen que a exención da proba de acceso condicione en ningún sentido a dita homologación.

Artigo 21. *Proba de acceso para os estudantes de sistemas educativos estranxeiros.*

1. Poderanse presentar á proba de acceso á universidade regulada no capítulo II, coas peculiaridades sinaladas nos artigos seguintes deste capítulo, os que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Os estudantes que desexen acceder en España ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e que procedan de sistemas educativos estranxeiros non incluídos nos supostos de exención a que se refire o artigo anterior.

b) Os estudantes que procedan dos sistemas educativos a que se refire o artigo anterior e non cumpran os requisitos académicos exixidos no sistema educativo res-

pectivo para accederen ás súas universidades, pero que acrediten estudos homologables ao título de bacharel español.

c) Os estudantes que, procedentes dos sistemas educativos a que se refire o artigo anterior e que cumpran os requisitos académicos exixidos no sistema educativo respectivo para accederen ás súas universidades, desexen presentarse á fase xeral da proba de acceso.

2. En calquera dos casos recollidos no número anterior, os estudantes deberán solicitar a homologación dos seus títulos ao título de bacharel español.

Artigo 22. *Organización da proba de acceso para os estudantes de sistemas educativos estranxeiros.*

1. A proba de acceso á universidade que deberán realizar os estudantes a que se refire este capítulo será organizada pola Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

2. As probas de acceso a que se refire este capítulo terán lugar nas sedes da UNED, de acordo cos criterios que esta determine. Así mesmo, sempre que o número de estudantes así o xustifique, a UNED poderá organizar probas naqueles países en que exista Consellería de Educación na Embaixada de España nese país.

Artigo 23. *Estrutura da proba de acceso para os estudantes de sistemas educativos estranxeiros non exentos de proba.*

1. A estrutura e cualificación dos exercicios axustarase ao establecido nos artigos 8 ao 14, ambos os dous incluídos.

2. Os exercicios dos exames correspondentes ás materias comúns do bacharelato adecuaranse aos currículos adaptados que para tales efectos terán sido previamente aprobados por orde conxunta do ministro de Educación, Política Social e Deporte e do ministro de Ciencia e Innovación.

Artigo 24. *Convocatorias da proba de acceso para os estudantes de sistemas educativos estranxeiros non exentos de proba.*

O réxime de convocatorias e a validez da proba será o establecido no artigo 15.

Artigo 25. *Nota media do expediente da proba de acceso para os estudantes de sistemas educativos estranxeiros non exentos de proba.*

Para os efectos da obtención da nota de admisión a que se refire o artigo 14, os estudantes deberán presentar as oportunas certificacións académicas, debidamente traducidas e legalizadas, correspondentes aos dous últimos cursos das ensinanzas cursadas no sistema educativo de orixe, que conduzan ao título homologado ao título español de bacharelato. No caso de non presentar a certificación citada, a nota media do expediente será de 5 puntos.

## CAPÍTULO IV

**Acceso á universidade desde outras titulacións**

Artigo 26. *Títulos de técnico superior e técnico deportivo superior.*

1. Os que estean en posesión dos títulos de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior a

que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou títulos equivalentes, poderán acceder sen necesidade de proba ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

2. Para os efectos de ordenar, cando iso for necesario, as correspondentes solicitudes, establecerase un acceso preferente mediante a adscrición de cada un dos títulos do número 1 anterior ás ramas de coñecemento en que se estrutura as ensinanzas universitarias oficiais de grao, de acordo co disposto no anexo II deste real decreto.

3. Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, en que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, as universidades públicas utilizarán para a adxudicación das prazas a nota de admisión que corresponda, que se calculará coa seguinte fórmula e se expresará con dúas cifras decimais, arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMC = nota media do ciclo formativo.

M1, M2 = as dúas mellores cualificacións dos módulos de que se compón o ciclo formativo de grao superior; quedan exceptuados os módulos de formación e orientación laboral, formación en centros de traballo e empresa e cultura emprendedora

a, b = parámetros de ponderación dos módulos do ciclo formativo.

4. A nota de admisión incorporará as cualificacións dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior, no caso de que se estableza que este sexa de acceso preferente á rama de coñecemento das ensinanzas do título a que se queira ser admitido.

5. O parámetro de ponderación (a ou b) dos módulos será igual a 0,1. As universidades poderán elevar este parámetro ata 0,2 naqueles módulos que consideren máis idóneos para seguir con éxito estas ensinanzas universitarias oficiais de grao. As universidades deberán facer públicos os valores destes parámetros para os módulos seleccionados ao inicio do curso correspondente á proba.

## CAPÍTULO V

### Outras vías de acceso á universidade

**Artigo 27.** *Accesos á universidade por criterios de idade e experiencia laboral ou profesional.*

Ademais do disposto nos capítulos II e III, poderán acceder á universidade española nas condicións determinadas nos artigos seguintes as persoas que cumprisen 25 anos de idade, as que cumprisen 40 anos e acrediten unha determinada experiencia profesional ou laboral, así como as persoas que cumprisen 45 anos.

**Artigo 28.** *Acceso á universidade para maiores de 25 anos.*

As persoas maiores de 25 anos de idade poderán acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao mediante a superación dunha proba de acceso. Só poderán concorrer a esta proba de acceso os que cumpran ou cumprisen os 25 anos de idade antes do día 1 de outubro do ano natural en que teña lugar a proba.

**Artigo 29.** *Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.*

1. A proba de acceso á universidade a que se refire o artigo 28 estruturarase en dúas fases, unha xeral e outra específica.

2. A fase xeral da proba terá como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos para seguir con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. Comprenderá tres exercicios referidos aos seguintes ámbitos:

- Comentario de texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.
- Lingua castelá.
- Lingua estranxeira, a elixir entre alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

No caso de que a proba teña lugar en universidades dependentes de comunidades autónomas con outra lingua cooficial, a comunidade autónoma competente poderá establecer a obrigatoriedade dun cuarto exercicio referido á lingua cooficial.

3. A fase específica da proba ten por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos para cursar con éxito as diferentes ensinanzas universitarias vinculadas a cada unha das ramas de coñecemento en torno ás cales se organizan os títulos universitarios oficiais de grao. Para iso a fase específica da proba estruturarase en cinco opcións vinculadas coas cinco ramas de coñecemento: opción A (artes e humanidades); opción B (ciencias); opción C (ciencias da saúde); opción D (ciencias sociais e xurídicas) e opción E (enxeñaría e arquitectura).

4. A organización das probas de acceso corresponderá ás universidades que oferten as ensinanzas solicitadas polo interesado, no marco establecido polas administracións educativas.

5. Os candidatos deberán realizar a fase específica na opción da súa elección, e corresponderanlles preferentemente, para os efectos de ingreso, aquelas ensinanzas universitarias ofertadas pola universidade que estean vinculadas a cada unha das opcións citadas no número 3 deste artigo.

6. O establecemento das liñas xerais da metodoloxía, o desenvolvemento e os contidos dos exercicios que integran tanto a fase xeral como a fase específica, así como o establecemento dos criterios e fórmulas de valoración destas, realizaraos cada Administración educativa, logo de informe das universidades do seu ámbito de xestión.

7. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma en que estea o centro en que se examinan. Non obstante, os exercicios correspondentes a lingua castelá, lingua cooficial propia da comunidade autónoma e lingua estranxeira deberán desenvolverse nas respectivas linguas.

8. No momento de efectuar a inscrición para a realización da proba de acceso, os candidatos deberán manifestar a lingua estranxeira elixida para o correspondente exercicio da fase xeral, así como a opción elixida na fase específica de acordo co establecido no número 3 deste artigo.

**Artigo 30.** *Convocatorias da proba de acceso para maiores de 25 anos.*

1. As universidades realizarán anualmente unha convocatoria de proba de acceso para maiores de 25 anos, para cada unha das ramas en que oferten ensinanzas.

2. Una vez superada a proba de acceso, os candidatos poderanse presentar de novo en sucesivas convocatorias, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Tomase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

**Artigo 31.** *Realización da proba de acceso para maiores de 25 anos.*

Os candidatos poderán realizar a proba de acceso para maiores de 25 anos na universidade da súa elección,

sempre que existan nela os estudos que desexen cursar, e corresponderalles, para os efectos de ingreso, a universidade en que superasen a proba.

**Artigo 32. *Aspirantes á proba de acceso para maiores de 25 anos con algún tipo de discapacidade.***

Para aqueles candidatos que, no momento da súa inscrición, xustifiquen debidamente algunha discapacidade que lles impida realizar a proba de acceso cos medios ordinarios, será de aplicación o disposto no artigo 19.

**Artigo 33. *Cualificación da proba de acceso para maiores de 25 anos.***

1. A cualificación da proba de acceso e de cada un dos seus exercicios realizaraa a universidade, de conformidade cos criterios e fórmulas de valoración establecidos pola Administración educativa. A cualificación final virá determinada pola media aritmética das cualificacións obtidas na fase xeral e na fase específica, cualificada de 0 a 10 e expresada con dúas cifras decimais, arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

2. Entenderase que o candidato superou a proba de acceso cando obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación final, e non se poderá, en ningún caso, calcular a media cando non se obteña unha puntuación mínima de catro puntos tanto na fase xeral coma na fase específica.

**Artigo 34. *Reclamacións da proba de acceso para maiores de 25 anos.***

Tras a publicación das cualificacións, e de conformidade cos prazos e procedementos que determine cada comunidade autónoma, os candidatos poderán presentar reclamación mediante escrito razoado dirixido ao reitor da universidade correspondente.

**Artigo 35. *Comisión organizadora da proba de acceso para maiores de 25 anos.***

1. As comunidades autónomas xunto coas universidades públicas do seu ámbito de xestión poderán constituír unha comisión organizadora da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, á cal, entre outras, se lle atribuirán as seguintes tarefas:

- a) Coordinación da proba de acceso.
- b) Adopción de medidas para garantir o segredo do procedemento de elaboración e selección dos exames, así como o anonimato dos exercicios realizados polos aspirantes.
- c) Adopción das medidas necesarias para garantir o establecido no artigo 29.7.
- d) Designación e constitución de tribunais.
- e) Resolución de reclamacións.

2. No suposto de que unha comunidade autónoma decida non facer uso da posibilidade prevista no número anterior, a citada proba de acceso deberase realizar en todo caso nunha universidade pública.

**Artigo 36. *Acceso mediante acreditación de experiencia laboral ou profesional.***

1. Poderán acceder á universidade por esta vía os que cumpran os requisitos establecidos nesta norma.

2. Soamente poderán acceder por esta vía os candidatos con experiencia laboral e profesional en relación cun ensino, que non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías e que cumpran ou cumprisen os 40 anos de idade antes do día 1 de outubro do ano de comezo do curso académico.

3. O acceso realizarase respecto a unhas ensinanzas concretas, ofertadas pola universidade; para este efecto o interesado dirixiralle a correspondente solicitude ao reitor da universidade.

4. Para os efectos do disposto neste artigo, as universidades incluírán na memoria do plan de estudos verificado, de acordo co disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, os criterios de acreditación e ámbito da experiencia laboral e profesional en relación con cada unha das ensinanzas, de forma que permitan ordenar os solicitantes. Entre estes criterios incluírase, en todo caso, a realización dunha entrevista persoal co candidato.

**Artigo 37. *Acceso á universidade para maiores de 45 anos.***

As persoas maiores de 45 anos de idade que non posúan ningunha titulación académica habilitante para acceder á universidade por outras vías nin poidan acreditar experiencia laboral ou profesional, poderán acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao mediante a superación dunha proba de acceso adaptada, se cumpren ou cumpriron a citada idade antes do día 1 de outubro do ano natural en que teña lugar a dita proba.

**Artigo 38. *Proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos.***

1. A proba terá como obxectivo apreciar a madureza e idoneidade dos candidatos para seguir con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita. Comprenderá dous exercicios referidos aos seguintes ámbitos:

- a) Comentario de texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.
- b) Lingua castelá.

No caso de que a proba teña lugar en universidades dependentes de comunidades autónomas con outra lingua cooficial, a comunidade autónoma competente poderá establecer a obrigatoriedade dun terceiro exercicio referido á lingua cooficial.

2. A organización das probas de acceso corresponderalles ás universidades que oferten as ensinanzas solicitadas polo interesado, no marco establecido polas administracións educativas.

3. Os candidatos deberán realizar unha entrevista persoal. Do resultado da entrevista deberase elevar unha resolución de apto como condición necesaria para a posterior resolución favorable de admisión do interesado.

4. O establecemento das liñas xerais da metodoloxía, desenvolvemento e contidos dos exercicios que integran a proba, así como o establecemento dos criterios e fórmulas de valoración destas, realizarao cada comunidade autónoma, logo de informe das universidades con sede na dita comunidade autónoma.

5. Para a realización dos exercicios, os candidatos poderán utilizar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma en que se sitúe o centro en que se examinan. Non obstante, os exercicios correspondentes a lingua castelá e lingua cooficial propia da comunidade autónoma deberanse desenvolver nas respectivas linguas.

**Artigo 39. *Convocatorias da proba de acceso para maiores de 45 anos.***

1. As universidades realizarán anualmente unha convocatoria de proba de acceso á universidade para persoas maiores a que se refiren os artigos 37 e 38.

2. Una vez superada a proba de acceso, os candidatos poderanse presentar de novo en sucesivas convocato-



rias na mesma universidade, coa finalidade de mellorar a súa cualificación. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

No suposto de que, na nova convocatoria, o candidato decida realizar a proba de acceso noutra universidade, só se tomará en consideración, para os efectos de ingreso, a cualificación obtida nesta última.

3. Non se poderá realizar a proba de acceso, para un mesmo curso académico, en máis dunha universidade. No caso contrario, quedarán automaticamente anuladas todas as probas realizadas.

#### Artigo 40. *Realización da proba de acceso para maiores de 45 anos.*

Os aspirantes poderán realizar a proba de acceso para maiores de 45 anos na universidade da súa elección, sempre que existan nesta os estudos que desexen cursar, e correspondalles, para os efectos de ingreso, a universidade en que realizasen a proba correspondente.

#### Artigo 41. *Cualificación da proba de acceso para maiores de 45 anos.*

A cualificación da proba de acceso e de cada un dos seus exercicios realizaraa a universidade, de conformidade cos criterios e fórmulas de valoración establecidos pola Administración educativa. A cualificación final virá determinada pola media aritmética das cualificacións obtidas nos exercicios, cualificada de 0 a 10 e expresada con dúas cifras decimais, arredondada á centésima máis próxima e en caso de equidistancia á superior.

Entenderase que o candidato superou a proba de acceso cando obteña un mínimo de cinco puntos na cualificación final, e non se poderá, en ningún caso, calcular a media cando non se obteña unha puntuación mínima de catro puntos en cada exercicio.

#### Artigo 42. *Reclamacións.*

Tras a publicación das cualificacións, e de conformidade cos prazos e procedementos que determine cada comunidade autónoma, os aspirantes poderán presentar reclamación mediante escrito razoado dirixido ao reitor da universidade correspondente.

#### Artigo 43. *Comisión organizadora da proba de acceso para maiores de 45 anos.*

Para os efectos de coordinación desta proba, así como da comisión organizadora, será de aplicación o establecido no artigo 35.

#### Artigo 44. *Aspirantes á proba de acceso para maiores de 45 anos con algún tipo de discapacidade.*

Para aqueles candidatos que, no momento da súa inscrición, xustificuen debidamente algunha discapacidade que lles impida realizar a proba de acceso cos medios ordinarios, será de aplicación o disposto no artigo 19.

## CAPÍTULO VI

### Admisión ás universidades públicas españolas

#### Artigo 45. *Regras xerais de admisión á universidade.*

1. Poderán solicitar praza nas universidades públicas españolas, para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao que conduza á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional, os estudantes que se atopen en calquera das situacións previstas no artigo 3

deste real decreto, de acordo cos criterios establecidos neste capítulo.

2. Os estudantes poderán presentar as súas solicitudes de admisión para calquera das titulacións e centros das universidades da súa elección, con independencia de onde obtiveron os seus requisitos de acceso. Para tal efecto farán constar na súa solicitude unha relación ordenada dos estudos e centros en que desexen ser admitidos, de acordo coas normas de procedemento establecidas.

3. Os estudantes que comezasen os seus estudos universitarios nun determinado centro e teñan superado, polo menos, seis créditos, e os abandonasen temporalmente, poderán continuarlos no mesmo centro sen necesidade de volver participar en ningún proceso de admisión. Todo o anterior sen prexuízo das normas de permanencia que a universidade poida ter establecidas.

4. Ningunha universidade pública poderá deixar vacantes prazas previamente ofertadas, mentres existan solicitudes para elas, formalizadas dentro dos prazos a que se refire o artigo seguinte.

#### Artigo 46. *Prazas de novo ingreso.*

1. Antes do 31 de maio de cada ano, a Conferencia Xeral de Política Universitaria fará público o número máximo de prazas que para cada titulación e centro ofrecen cada unha das universidades públicas. Estas prazas serán propostas polas universidades e deberán contar coa aprobación previa da comunidade autónoma que corresponda.

2. As universidades farán públicos os prazos e procedementos para solicitar praza nas súas ensinanzas e centros, nas datas que determinen os órganos competentes das comunidades autónomas e no marco da regulación xeral que establece este real decreto. Non obstante, a Conferencia Xeral de Política Universitaria establecerá uns prazos mínimos que lles permitan aos interesados concorrer á oferta de todas as universidades.

#### Artigo 47. *Límites máximos de prazas.*

1. O Goberno, en virtude do artigo 44 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na modificación efectuada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, logo de acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, poderá, para poder cumprir as exixencias derivadas de directivas comunitarias ou de convenios internacionais, ou ben por motivos de interese xeral igualmente acordados na Conferencia Xeral de Política Universitaria, establecer límites máximos de admisión de estudantes nos estudos de que se trate. Estes límites máximos de prazas afectarán o conxunto das universidades públicas e privadas.

#### Artigo 48. *Reserva de prazas.*

1. O total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades serán repartidas entre unha cota xeral e as cotas de reserva a que se refiren os artigos 49 ao 54, ambos os dous incluídos.

2. As prazas obxecto de reserva, de acordo co disposto nos artigos seguintes, que queden sen cubrir serán acumuladas ás ofertadas polas universidades pola cota xeral en cada unha das convocatorias de admisión, agás o disposto para os deportistas de alto nivel no Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

3. O total de prazas que, se é o caso, se oferten en cada titulación e centro na convocatoria extraordinaria será repartido atendendo ás porcentaxes reguladas nos artigos 49 ao 53, ambos os dous incluídos. Non obstante, deberase ter en conta que, se o novo número que resulte

en cada cota de reserva é maior ca as prazas que sobraron na dita cota na convocatoria ordinaria, se tomará como oferta de prazas as que sobraron na fase ordinaria.

4. Os estudantes que reúnan os requisitos para solicitar a admisión por máis dunha cota poderán facer uso desta posibilidade.

5. A ordenación e adxudicación das prazas dentro de cada cota realizaranse atendendo aos criterios de valoración establecidos para tal efecto.

**Artigo 49. *Prazas reservadas para maiores de 25 anos.***

Para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos de idade reservárase un número de prazas non inferior ao 2 por 100.

**Artigo 50. *Prazas reservadas para maiores de 45 anos e para maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral e profesional.***

Para as persoas que accedan ás ensinanzas universitarias oficiais de grao superando a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos ou acreditando unha experiencia laboral ou profesional a que se refire o artigo 36, as universidades reservarán no seu conxunto un número de prazas non inferior ao 1 por 100 nin superior ao 3 por 100.

**Artigo 51. *Prazas reservadas a estudantes con discapacidade.***

Reservárase un 5 por 100 das prazas dispoñibles para estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa.

O certificado, ditame ou procedemento de valoración da minusvaliz será realizado polo órgano competente de cada comunidade autónoma de procedencia do interesado.

Non obstante, e en atención ás persoas con discapacidade, cando non se oferte unha titulación e un centro na fase extraordinaria, por se ter cuberta a totalidade das prazas na fase ordinaria, pero algunha ou algunhas prazas desta cota de reserva foran acumuladas á cota xeral na fase ordinaria por non haber solicitantes suficientes, as universidades poderán aumentar as prazas, ata completar o 5 por 100, para que accedan os estudantes con discapacidade que participen na fase extraordinaria.

**Artigo 52. *Prazas reservadas a deportistas de alto nivel e de alto rendemento.***

A reserva de prazas para deportistas de alto nivel e de alto rendemento rexeráse polo disposto no artigo 9.1 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

Reservárase unha porcentaxe mínima do 3 por 100 das prazas ofertadas polos centros universitarios para os que acrediten a súa condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento e reúnan os requisitos académicos correspondentes. Os consellos de goberno das universidades poderán ampliar a porcentaxe de prazas reservadas a deportistas de alto nivel e de alto rendemento.

Os centros que impartan os estudos e ensinanzas a que fai referencia o parágrafo cuarto do número 1 do artigo 9 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, reservarán unha cota adicional equivalente como mínimo ao 5 por 100 das prazas ofertadas para estes deportistas, cota que

se poderá incrementar. As cotas de reserva de prazas deberán manter nas diferentes convocatorias que se realicen ao longo do ano.

**Artigo 53. *Prazas reservadas a estudantes con titulación universitaria ou equivalente.***

Para os estudantes que xa estean en posesión dunha titulación universitaria oficial ou equivalente, reservárase un número de prazas non inferior ao 1 por 100 nin superior ao 3 por 100.

**Artigo 54. *Orde de prelación na adxudicación das prazas das ensinanzas universitarias oficiais de grao.***

1. As universidades adxudicarán as prazas atendendo aos seguintes criterios:

a) En primeiro lugar, adxudicaránse prazas aos estudantes que superasen a proba de acceso á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en convocatorias ordinarias ou extraordinarias de anos anteriores, así como as daqueles estudantes que acrediten algún dos criterios de valoración a que se refiren as letras b), c) e d) do artigo 55 e aqueles a que se refire o artigo 26 deste real decreto.

b) En segundo lugar, adxudicaránse prazas aos estudantes que superasen a proba de acceso á universidade na convocatoria extraordinaria do ano en curso.

2. A adxudicación de prazas realizarase en función da nota de admisión ás ensinanzas universitarias obtida polo estudante conforme o disposto no artigo 14. En todo caso, para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes cuxo cuarto exercicio da fase xeral corresponda a unha materia vinculada á rama de coñecemento do ensino a que se solicita acceder.

**Artigo 55. *Criterios de valoración para a adxudicación de prazas.***

As solicitudes que, atendendo aos criterios recollidos no artigo anterior, se atopan en igualdade de condicións ordenaranse aplicando o criterio que, entre os seguintes, corresponda:

a) A nota de admisión obtida na proba de acceso á universidade.

b) A nota media resultante de calcular a media da puntuación obtida, no seu día, nas probas de madurez e a media do expediente académico do bacharelato superior e do curso preuniversitario, calculada de acordo co disposto na Resolución do 11 de abril de 2008, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se establecen as normas para a conversión das cualificacións cualitativas en cualificacións numéricas do expediente académico do alumnado de bacharelato e cursos de acceso á universidade de plans anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de maio, de ordenación xeral do sistema educativo, ou nas normas que as substitúan.

c) A nota media do expediente académico do bacharelato unificado polivalente ou, se é o caso, do bacharelato superior e do curso de orientación universitaria, para os que superasen este último con anterioridade ao curso 1974-1975, calculada, se é preciso, de acordo co disposto na Resolución do 11 de abril de 2008, citada na letra anterior.

d) A nota media do expediente académico de bacharelato para os que cursasen plans de estudos anteriores ao do ano 1953, calculada, se é preciso, de acordo co disposto na Resolución do 11 de abril de 2008, citada na letra b).

e) A nota media do expediente universitario, cando se acredite estar en posesión dun título universitario de

graduado ou graduada, calcularase de acordo co establecido no artigo 5.2 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

f) A nota media do expediente universitario, cando se acredite estar en posesión de titulación oficial de diplomado universitario, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente, calculada conforme os criterios xerais en materia de adaptación establecidos no Acordo do 25 de outubro de 2004 do Consello de Coordinación Universitaria.

Nos plans de estudos non estruturados en créditos, o cálculo da nota media efectuarase seguindo o criterio seguinte: suma das materias superadas multiplicando cada unha delas polo valor da cualificación que corresponda, a partir do establecido no Acordo do 25 de outubro de 2004. O resultado dividirase entre o número total de materias do ensino correspondente.

No caso de materias cuatrimestrais ou semestrais contabilizarase a metade do valor da cualificación na suma e a metade da materia no divisor. Para estes efectos, non se terán en conta as materias que aparezan superadas sen nota nin as materias voluntarias.

g) A nota de admisión para o acceso desde os títulos de técnico superior e técnico deportivo superior a que se refire o artigo 26 deste real decreto.

A nota media do expediente académico dos estudos conducentes aos títulos de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior a que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, será calculada segundo as normas establecidas para cada un dos títulos citados.

Para os títulos da formación profesional de sistemas educativos anteriores aos citados anteriormente, a nota media do expediente calcularase de acordo coa Resolución do 4 de xuño de 2001, da Dirección Xeral de Universidades, que establece normas para o cálculo da nota media no expediente académico dos alumnos que acceden ás ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos oficiais desde a formación profesional, e coa Resolución do 7 de maio de 1996 para o caso de estudos estranxeiros validados polos de formación profesional, ou coas normas que as substitúan.

h) A cualificación obtida na proba de acceso para maiores de 25 anos.

i) O resultado obtido no acceso mediante acreditación de experiencia laboral ou profesional para maiores de 40 anos.

j) A cualificación obtida na proba de acceso para maiores de 45 anos.

#### Artigo 56. *Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois.*

1. As solicitudes de prazas de estudantes con estudos universitarios oficiais españois parciais que desexen ser admitidos noutra universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois e se lles recoñeza un mínimo de 30 créditos de acordo co disposto no artigo 6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias, serán resoltas polo reitor da universidade, de acordo cos criterios que para estes efectos determine o Consello de Goberno de cada universidade.

2. As solicitudes de prazas de estudantes con estudos universitarios oficiais españois parciais que desexen ser admitidos noutra universidade e/ou estudos universitarios oficiais españois e non se lles recoñeza un mínimo de 30 créditos, de acordo co disposto no artigo 6 do Real decreto 1393/2007, deberanse incorporar ao proceso xeral de admisión.

3. A adxudicación de praza noutra universidade dará lugar ao traslado do expediente académico correspondente, o cal deberá ser tramitado pola universidade de procedencia, unha vez que o interesado acredite ter sido admitido noutra universidade.

4. Para os deportistas de alto nivel e alto rendemento que se vexan obrigados a cambiar de residencia por motivos deportivos, tomaranse as medidas necesarias para que poidan continuar a súa formación no seu novo lugar de residencia, de acordo co disposto no número 10 do artigo 9 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

#### Artigo 57. *Admisión de estudantes con estudos universitarios estranxeiros.*

1. As solicitudes de praza de estudantes con estudos universitarios estranxeiros parciais ou totais que non obtivesen a homologación do seu título en España resolveraa o reitor da Universidade de acordo coas seguintes regras:

As solicitudes de praza de estudantes con estudos universitarios estranxeiros aos cales se lles valide un mínimo de 30 créditos serán resoltas polo reitor da universidade, que actuará de acordo cos criterios que establece o Consello de Goberno que, en todo caso, terán en conta o expediente universitario.

As materias validadas terán a equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida no centro de procedencia; para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia e o recoñecemento de créditos en que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación.

2. Os estudantes que non obteñan validación parcial poderán acceder á universidade española segundo o establecido no capítulo III.

3. As solicitudes de prazas de estudantes con estudos universitarios estranxeiros totais que obtivesen a homologación do seu título en España resolveranse nas mesmas condicións ca as establecidas para os que cumpren o requisito recollido no artigo 3.b).

A nota media do expediente académico dos interesados obterase de acordo coas equivalencias que estableza o ministro de Ciencia e Innovación entre as cualificacións dos ditos sistemas estranxeiros e as propias do sistema educativo español.

#### Disposición adicional primeira. *Estudantes procedentes de ordenacións educativas anteriores.*

1. Poderán realizar a proba de acceso regulada no capítulo II deste real decreto os que estean en posesión de calquera dos títulos ou certificados que se indican a continuación, correspondentes a plans de estudos de ordenacións educativas anteriores ou a estudos estranxeiros homologados ou validados por eles:

a) Título de bacharel correspondente á ordenación do sistema educativo regulada pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

b) Certificado acreditativo de ter superado o curso de orientación universitaria.

c) Certificado acreditativo de ter superado o curso preuniversitario.

d) Calquera outro título que o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte declare equivalente, para estes efectos, ao título de bacharel regulado pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Os estudantes que cursasen os estudos de bacharelato previstos na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, realizarán a

proba de acceso na universidade a que estea adscrito, para os indicados efectos, o centro de educación secundaria en que superasen o segundo curso ou na universidade a que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

3. Os estudantes de bacharelato unificado e polivalente da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación, realizarán a proba de acceso na universidade a que, para os indicados efectos, estea adscrito o centro en que superasen o curso de orientación universitaria ou na universidade a que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

4. Os estudantes de bacharelato cursado de acordo con plans de estudos anteriores aos da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación, realizarán a proba de acceso na universidade a que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

**Disposición adicional segunda. *Probas específicas para o acceso a determinadas ensinanzas universitarias.***

As universidades poderán establecer condicións ou probas especiais para o acceso a determinadas ensinanzas. Estas condicións ou probas especiais deberán ser incluídas polas universidades na memoria do plan de estudos verificado e autorizado, de acordo co disposto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

**Disposición adicional terceira. *Estudantes coa proba de acceso superada segundo normativas anteriores.***

A nota de admisión dos estudantes que superasen a proba de acceso á universidade segundo normativas anteriores á establecida neste real decreto será a cualificación definitiva da proba de acceso que obtivesen no seu momento. Non obstante o anterior, poderanse presentar á fase específica establecida nos artigos 9 e 10. Neste caso a nota de admisión a que fai referencia o artigo 14 obterase da seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{CDA} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

CDA = cualificación definitiva da proba de acceso anterior á establecida neste real decreto.

**Disposición adicional cuarta. *Nota de admisión para títulos equivalentes a técnico superior de formación profesional, de artes plásticas e deseño e de técnico deportivo superior de ensinanzas deportivas.***

O ministro de Educación, Política Social e Deporte establecerá, no prazo de seis meses, o procedemento a que se refire o artigo 26, números 2 e 3 deste real decreto, para aqueles títulos declarados equivalentes aos títulos de técnico superior de formación profesional, de artes plásticas e deseño e de técnico deportivo superior de ensinanzas deportivas da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Disposición adicional quinta. *Admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao que se impartan no sistema de centros universitarios da defensa.***

A admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao que se impartan no sistema de centros universitarios da defensa, previstos pola Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, exixirá, ademais dos requisitos xerais previstos pola dita lei para o ingreso no correspondente centro docente militar de formación, o cumprimento dos requisitos de acceso establecidos neste real decreto.

**Disposición adicional sexta. *Modificación do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendimento.***

O parágrafo cuarto do número 1 do artigo 9 pasa a ter o seguinte teor literal:

«Os centros que impartan os estudos e ensinanzas en ciencias da actividade física e do deporte, fisioterapia e mestre de educación física ou as ensinanzas de grao que as substitúan, reservarán unha cota adicional equivalente como mínimo ao cinco por cento das prazas ofertadas para os deportistas de alto nivel, cota que se poderá incrementar mediante acordo do Consello Superior de Deportes coas universidades.»

**Disposición transitoria única. *Aplicabilidade normativa.***

1. De acordo co disposto no artigo 17 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de xuño, de educación, a proba de acceso regulada no capítulo II deste real decreto aplicarase a partir do ano académico 2009-2010. Ata o termo do ano académico 2008-09 será de aplicación o Real decreto 1640/1999, do 22 de outubro, polo que se regula a proba de acceso a estudos universitarios, modificado e completado polos reais decretos 990/2000, do 2 de xuño, e 1025/2002, do 4 de outubro, e o Real decreto 406/1988, do 29 de abril, sobre organización das probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios, e composición dos tribunais, modificado polo Real decreto 807/1993, do 28 de maio.

2. De acordo co disposto no artigo 17 do Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de xuño, de educación, modificado pola disposición derradeira primeira do Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, a proba de acceso regulada no capítulo III deste real decreto aplicarase a partir do 1 de outubro de 2009. Ata o 30 de setembro do ano 2009 será de aplicación a Orde do 12 de xuño de 1992, pola que se regulan as probas de aptitude para o acceso a facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios de alumnos con estudos estranxeiros validables, modificada pola Orde do 13 de maio de 1993 e a Orde do 4 de maio de 1994.

3. A proba de acceso para maiores de 25 anos, regulada no artigo 28, será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2010. Ata o 31 de decembro de 2009 será de aplicación o establecido no Real decreto 743/2003, do 20 de xuño, que regula a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

4. O acceso dos titulados superiores regulado no artigo 26 deste real decreto será de aplicación aos procedementos de admisión á universidade a partir do ano académico 2010-2011.

Ata ese momento o cálculo da nota de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao realizarase de acordo co preceptuado na Resolución do 4 de xuño de 2001, da Dirección Xeral de Universidades, pola que se establecen as normas para o cálculo da nota media no expediente académico dos alumnos que acceden ás ensinanzas universitarias conducentes á obtención dos títulos oficiais desde a formación profesional, de acordo co dereito preferente establecido no anexo II deste real decreto.

5. O acceso mediante acreditación de experiencia laboral ou profesional, para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao regulado no artigo 36 deste real

decreto, será de aplicación aos procedementos de admisión á universidade a partir do ano académico 2010-2011.

6. O acceso á universidade para maiores de 45 anos, para cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao, regulado nos artigos 37 ao 44 deste real decreto, será de aplicación aos procedementos de admisión á universidade a partir do ano académico 2010-2011.

7. O capítulo VI deste real decreto, sobre admisión ás universidades públicas españolas, será de aplicación aos procedementos de admisión á universidade a partir do ano académico 2010-2011.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 406/1988, do 29 de abril, sobre organización das probas de aptitude para o acceso ás facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios, e composición dos tribunais, modificado polo Real decreto 807/1993, do 28 de maio.

2. Queda derogado o Real decreto 1742/2003, do 19 de decembro, polo que se establece a normativa básica para o acceso aos estudos universitarios de carácter oficial.

3. Queda derogado o Real decreto 743/2003, do 20 de xuño, polo que se regula a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

4. Queda derogada a Orde do 12 de xuño de 1992, pola que se regulan as probas de aptitude para o acceso a facultades, escolas técnicas superiores e colexios universitarios de alumnos con estudos estranxeiros validables, modificada pola Orde do 13 de maio de 1993 e a Orde do 4 de maio de 1994.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ao Estado a competencia para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e o réxime estatutario dos funcionarios e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

2. Os números 1, 2, 3 e 5 do artigo 20 e a disposición adicional primeira dítanse ao abeiro da competencia normativa que lle reserva ao Estado o artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Exercicio de lingua estranxeira.*

O terceiro exercicio de lingua estranxeira a que fai referencia o artigo 9.3 non incluírá a valoración da comprensión e expresión oral ata dous cursos despois da implantación do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é dicir, no curso académico 2011-2012.

Dous anos antes da implantación da proba oral realizarase un estudo para determinar as características específicas da proba e, se é o caso, tomar as decisións oportunas sobre a súa implantación.

Disposición derradeira terceira. *Autorización para o desenvolvemento.*

Autorízanse os titulares dos ministerios de Educación, Política Social e Deporte e de Ciencia e Innovación para a modificación e actualización dos anexos I e II deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## ANEXO I

**Adscrición, a que fai referencia o artigo 14.2 deste real decreto, das materias de modalidade que son impartidas no segundo curso de bacharelato, segundo o disposto no Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas e as súas normas de desenvolvemento por parte das administracións educativas, ás ramas de coñecemento establecidas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais**

Materias modalidade 2.º bacharelato	Ramas de coñecemento
Análise musical II. Anatomía aplicada. Artes escénicas. Cultura audiovisual. Debuxo artístico II. Debuxo técnico II. Deseño. Xeografía. Grego II. Historia da música e da danza. Historia da arte. Latín II. Linguaxe e práctica musical. Literatura universal. Técnicas de expresión gráfico-plástica. Volume.	Artes e humanidades
Economía da empresa. Xeografía. Latín II. Literatura universal. Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II.	Ciencias sociais e xurídicas
Bioloxía. Ciencias da terra e ambientais. Física. Matemáticas II. Química.	Ciencias
Bioloxía. Ciencias da terra e ambientais. Física. Matemáticas II. Química.	Ciencias da saúde
Ciencias da terra e ambientais. Debuxo técnico II. Electrotecnia. Física. Matemáticas II. Química. Tecnoloxía industrial II.	Enxeñaría e arquitectura

## ANEXO II

**Adscrición, a que fai referencia o artigo 26.2 deste real decreto, dos títulos de técnico superior de formación profesional ás ramas de coñecemento establecidas no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais**

Familia profesional	Ramas de coñecemento
Administración e xestión/ administración. Artes gráficas. Artes e artesanías. Comercio e mercadotecnia. Hostalaría e turismo. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Servizos socioculturais e á comunidade.	Artes e humanidades
Agraria/ actividades agrarias. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Enerxía e auga. Fabricación mecánica. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Industrias extractivas. Industrias alimentarias. Informática e comunicacións/ informática. Instalación e mantemento/ mantemento e servizos á produción. Madeira, moble e cortiza/ madeira e moble. Marítimo-pesqueira/ actividades marítimo-pesqueiras. Química. Sanidade. Transporte e mantemento de vehículos/ mantemento de vehículos autopropulsados. Téxtil, confección e pel. Vidro e cerámica.	Ciencias
Agraria/ actividades agrarias. Actividades físicas e deportivas. Imaxe persoal. Industrias alimentarias. Química. Sanidade. Seguranza e ambiente. Servizos socioculturais e á comunidade.	Ciencias da saúde
Administración e xestión/ administración. Actividades físicas e deportivas. Artes gráficas. Comercio e mercadotecnia. Hostalaría e turismo. Imaxe persoal. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Seguranza e ambiente. Servizos socioculturais e á comunidade.	Ciencias sociais e xurídicas

Familia profesional	Ramas de coñecemento
Agraria/ actividades agrarias. Artes gráficas. Artes e artesanías. Edificación e obra civil. Electricidade e electrónica. Enerxía e auga. Fabricación mecánica. Imaxe e son/ comunicación, imaxe e son. Industrias alimentarias. Industrias extractivas. Informática e comunicacións/ informática. Instalación e mantemento/ mantemento e servizos á produción. Madeira, moble e cortiza/ madeira e moble. Marítimo-pesqueira/ actividades marítimo-pesqueiras. Química. Transporte e mantemento de vehículos/ mantemento de vehículos autopropulsados. Téxtil, confección e pel. Vidro e cerámica.	Enxeñaría e arquitectura

**18948** REAL DECRETO 1893/2008, do 14 de novembro, polo que se desenvolven medidas fiscais e de seguranza social no exercicio 2008 para atender os compromisos derivados da organización e celebración da 33.<sup>a</sup> edición da Copa do América na cidade de Valencia. («BOE» 283, do 24-11-2008.)

A Copa do América é o trofeo deportivo máis antigo do mundo –data de 1851-, e realizáronse desde o seu inicio 32 edicións, a última delas en Valencia. Esta regata está considerada, pola súa duración e relevancia social e mediática, como un dos acontecementos con maior repercusión económica, e xera un importante impacto positivo na rexión onde ten lugar. Por segunda vez consecutiva, esta competición previsiblemente podería desenvolverse en Valencia.

Neste sentido, a Lei 41/2007, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e outras normas do sistema hipotecario e financeiro, de regulación das hipotecas inversas e o seguro de dependencia, e pola que se establece determinada norma tributaria, nas súas disposicións adicionais sexta e sétima, prevé unha serie de medidas fiscais, tributarias, en materia de bonificacións de cotas da Seguranza Social, prevé o correspondente procedemento de documentación de estranxeiros e de concesión de visados e permisos de condución, destinadas a facilitar e a atender os compromisos derivados da organización e a celebración desta competición deportiva. Así mesmo, a disposición adicional sexta.3 da dita lei habilita o Goberno e, se é o caso, os distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para adoptar as iniciativas, disposicións, actos e demais medidas que se estimen necesarios para o adecuado desenvolvemento deste acontecemento deportivo.

Este real decreto desenvolve, para o exercicio 2008, as medidas fiscais e de seguranza social previstas nas mencionadas disposicións adicionais, segundo os compromisos asumidos pola Administración do Estado, por incidir de maneira directa nas actividades que ata agora viñeron